

**esadg**  
ESCOLA SUPERIOR  
DE ARTE DRAMÁTICA  
DE GALICIA

**esadg**  
ESCOLA SUPERIOR  
DE ARTE DRAMÁTICA  
DE GALICIA

**Plan  
de  
convivencia**

**esadg**  
ESCOLA SUPERIOR  
DE ARTE DRAMÁTICA  
DE GALICIA

**esadg**  
ESCOLA SUPERIOR  
DE ARTE DRAMÁTICA  
DE GALICIA

Rúa Poza Cabalo, s/n  
36212 VIGO (Pontevedra)  
T: 986 246 399 - F: 986 138 075  
[esad.galicia@edu.xunta.es](mailto:esad.galicia@edu.xunta.es)  
[www.esadgalicia.com](http://www.esadgalicia.com)

## Plan de convivencia

O teatro é unha actividade colectiva que precisa do concurso de persoas diversas que executan funcións variadas asumindo responsabilidades diferentes. Para que o acto teatral poida darse cómpre que todas esas persoas traballen de común acordo para lograr as metas propostas, nun clima de cordialidade, cooperación e integración. Para alén das competencias específicas que cada creador debe posuír, hai unhas competencias transversais e xerais entre as que destaca a capacidade para integrarse en equipos humanos e colaborar solidariamente na consecución de metas comúns.

Por iso o Plan de Convivencia traduce un acordo da comunidade educativa no seu conxunto para establecer unhas relacións fluídas, cordiais, de respecto e tolerancia entre todas as persoas que a integran. Consonte o establecido na normativa educativa en vigor, o sistema educativo do que a ESAD forma parte como institución, persegue a transmisión e posta en práctica de valores que favorezan a liberdade persoal, a responsabilidade, a cidadanía democrática, a solidariedade, a tolerancia, a igualdade, o respecto e a xustiza, que axuden a superar calquera tipo de discriminación. Tamén persegue a preparación para o exercicio da cidadanía e para a participación activa na vida económica, social e cultural, con actitude crítica e responsable e con capacidade de adaptación ás situacións cambiantes da sociedade do coñecemento.

O Plan de Convivencia tamén persegue que todas as persoas que integran a comunidade educativa da ESAD manteñan unha pauta de conduta

orientada á resolución pacífica de situacións problemáticas ou de conflito, asentada no diálogo e na deliberación.

O Plan de Convivencia ten como ámbito de aplicación a ESAD de Galicia en todos os seus procesos: docencia, aprendizaxe, xestión e administración, creación, investigación, exhibición e outras actividades. A comunidade educativa da ESAD no seu conxunto acepta e pon en valor un conxunto de normas básicas de convivencia:

- 1 Respetar as ideas e opinións alleas e manter en todo momento unha actitude tolerante ante a discrepancia, procurando puntos de encontro para o traballo en equipo, a cooperación e a colaboración.
- 2 Cumprir o horario asignado para cada actividade no inicio e na finalización, para que existan entre as actividades os necesarios intervalos.
- 3 Manter nas aulas un comportamento adecuado ás actividades de ensinanza e aprendizaxe, evitando condutas que atenten contra o dereito á educación e contra o normal desenvolvemento das mesmas.
- 4 Axustar o comportamento ás actividades que se desenvolven na escola en cada momento, en todos os seus espazos, evitando aquelas condutas que perturben, interrompan ou dificulten as mesmas.
- 5 Usar de maneira adecuada, coidar e manter as instalacións, equipamentos e recursos materiais da Escola, en tanto tarefa e responsabilidade compartida.

Calquera problema de convivencia entre integrantes da comunidade escolar debe ser solucionado de forma voluntaria mediante o diálogo entre as partes. Cando sexa aconsellable ou necesaria a mediación, esta pode ser realizada, segundo a casuística específica, a través do delegado/a de curso, do titor/a de grupo, do xefe/a do departamento, da Comisión de Convivencia ou do equipo de dirección.

Cando a natureza do problema ou do conflito así o aconselle (acoso, maltrato, ameazas, violencia), calquera persoa pode poñer en coñecemento do titor/a de grupo, da Xefatura de estudos, ou da Dirección casos concretos que esixan actuacións específicas ou inmediatas. Para tales efectos pódese enviar un correo electrónico á dirección de correo da ESAD, entregar un escrito en secretaría ou deixar un escrito na caixa de correo disposta a tal efecto. En ningún caso se tramitarán escritos anónimos, mais o centro garante o anonimato das persoas que comuniquen feitos susceptibles de ser investigados.

A ESAD de Galicia conta cunha Comisión de Convivencia, creada no marco do Consello Escolar da Escola, da que forman parte a persoa que exerce a dirección, un representante do profesorado, un representante do alumnado e un representante do persoal de administración e servizos. A súa finalidade é a de favorecer a creación dun clima de colaboración e convivencia na Escola e exercer a mediación cando sexa necesaria.

**Fagamos da convivencia unha ferramenta para ter unha Escola mellor.**